

Edicto do 31 de agosto de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación da Fenteira, por solicitude dos veciños da parroquia de Puga, no concello de Toén (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2008, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado A Fenteira, por solicitude dos veciños da parroquia de Puga, no concello de Toén (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro.-O 13 de febreiro de 2007 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños da parroquia de Puga, no concello de Toén (Ourense), en que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-O 22 de abril de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Toén.

Denominación do monte: A Fenteira.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de parroquia de Puga.

Superficie: 0,9679 ha.

Monte As Cerdeiriñas.

Superficie: 0,6316 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: estrada comarcal OU-402 e camiño público que a separa das parcelas catastrais 170, 171 e 172 do polígono 44.

Sur: propiedade de Roberto Ferreiro Iglesias (parcela catastral 145 do polígono 44) e camiño público.

Leste: camiño público que a separa das parcelas catastrais 60, 69 e 167 do polígono 44.

Oeste: propiedade de Dalia Rodríguez (parcelas catastrais 140, 141 e 142 do polígono 44), de Antonio Bispo Rodríguez (parcela catastral nº 211 do polígono 44) e de Roberto Ferreiro Iglesias (parcela catastral 145 do polígono 44).

Monte Pasarás.

Superficie: 0,3363 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: Regato de Puga.

Sur: propiedade de José Romero Iglesias e María Losada Villamarín.

Leste: regato de Puga e estrada.

Oeste: regato de Puga e propiedades de Juan Romero Rodríguez (parcelas catastrais 365, 366 e 137 do polígono 43).

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a

estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e do Fondo Galego de Garantía Agraria e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños da parroquia de Puga, no concello de Toén (Ourense), o monte denominado A Fenteira, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 31 de agosto de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común

Anuncio do 18 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-CAZ-2008-0047.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo director xeral de Conservación da Natureza.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante a Sección Xurídica da sede da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, sita na rúa San Lázaro nº 83, planta baixa, Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2009.

Ricardo García-Borregón Millán
Director xeral de Conservación da Natureza

ANEXO

Expediente: CO-CAZ-2008-0047.

Interesado: Jaime Añón Marta.

Acto notificado: resolución do expediente administrativo.

Anuncio do 2 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente SAN-CO-0148-2009 MP.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico-Administrativo do Departamento Territorial do Medio Rural, sita na praza de Luís Seoane s/n, edificio administrativo Monelos, 3º andar, ala sur (A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

A Coruña, 2 de setembro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: SAN-CO-0148-2009 MP.

Denunciado: Constante Ramos Liñares.

Acto de notificación: proposta de resolución.

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 6 de agosto de 2009 pola que se autoriza a transmisión inter vivos da concesión das bateas Carballo II e Plutón I.

Vistos os expedientes instruídos para os efectos de transmisión das bateas Carballo II e Plutón I e das concesións administrativas que os amparan, resulta:

a) Antecedentes de feito.

Primeiro.-Mediante escrito do 3-7-2009, Rosa Conde Bravo solicitou autorización para a transmisión das concesións das bateas Carballo II e Plutón I.

